

EN REALIDADE, NUNCA ESTIVECHES AQUÍ

306

[Lynne Ramsay, 2017]

ESTREA EN NUMAX: 24.11.2017 | V.O.S.E.

You Were Never Really Here (2017, 95')

Dirección: Lynne Ramsay

Guión: Lynne Ramsay (Novela: Jonathan Ames)

Elenco: Joaquin Phoenix, Alessandro Nivola, John Doman, Judith Roberts, Alex Manette, Ekaterina Samsonov, Kate Easton

Son: Paul Davies

Montaxe: Joe Bini

Fotografía: Tomas Townend

Dirección de arte: Ann McKinnon

Música: Jonny Greenwood

Vestuario: Malgosia Turzanska

Produtora: Page 114, Why Not Productions (Reino Unido)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Swimmer, 2012 [curtametraxe]

Tenemos que hablar de Kevin, 2011

Morvern Callar, 2002

Simmer, 2012 [curtametraxe]

Kill the Day, 2000 [curtametraxe]

Ratcatcher, 1999

Gasman, 1998 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2017 (mellor guión e mellor actor —Joaquin Phoenix—)

SINOPSE

Un atormentado veterano de guerra tenta salvar a mulleres do mundo do tráfico sexual no que están metidas. Pero un deses rescates non sae como el pensaba, e o inferno desátase nun bordel de Manhattan, onde a violencia e a corrupción fan espertar a besta que leva dentro. Desta maneira a vinganza convértese na súa motivación.

«O filme de Ramsay máis redondo e ambicioso, debера poñerlle á cabeza dos directores a considerar polos grandes estudos»

Daniel de Partearroyo, CINEMANÍA



EN REALIDADE, NUNCA ESTIVECHES AQUÍ

[Lynne Ramsay, 2017]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Vimos pistolas en tantos filmes que xa me aburren”

Entrevista a Lynne Ramsay
Por Fabien Remercier

En realidade, nunca estiveches aquí é un filme curto, cunha duración de 95 minutos. Era ese o teu proxecto inicial? Si. A filosofía de base era “fai unha película breve e intensa”. Ás veces unha película necesita ser máis longa, pero neste caso non. Non quería aburrir aos espectadores, como poden facelo algunhas películas de 150 minutos. En xeral, todo foi moi rápido, a produción foi moi rápida e o traballo intenso. Pensaba mesmo que non me daría tempo a rematar a escritura antes da rodaxe. Así que escribín o guión moi rápido, pero ao final foi bastante ben. E na rodaxe cada día estaba cheo de sorpresas, ata tal punto que ás veces me preguntaba se sabía realmente o que estaba a facer. Pero o filme dá unha boa resposta a estes cuestionamentos.

Como na túa primeira longametraxe, *Ratcatcher* (1999), abordas o tema do traumatismo, e *En realidade, nunca estiveches aquí* é case experimental e alucinatoria, cunha narración non lineal. Por que che apaixona ese tema? Creo que a maioría dos cineastas teñen unha formulación psicolóxica e un interese pola cuestión da condición humana. No que a min respecta,

gústame profundar nos personaxes, coa súa beleza, os seus defectos, as súas diferentes vertentes. Ademais, na rodaxe tiña a impresión de estar a vivir eu mesma unha experiencia postraumática, porque a historia da película ten unha forte influencia sobre a mente.

O teu obxectivo era transcribir visualmente a vida interior do personaxe principal? Reflexionei moito sobre iso. Había que atopar algo. Así que puxen moita atención no xeito en que vemos ao personaxe principal: non sabemos quen é, tratamos de descubri-lo. Tentei contar a historia a través das imaxes.

É o teu filme unha homenaxe indirecta a *Taxi Driver* (1976)? É evidente que esa é unha película magnífica que aborda o xénero dunha maneira moi interesante, pero non pensei nela particularmente mentres rodaba a miña. Quizais haxa algunha referencia aquí ou alá, pero non as establecín de maneira deliberada. De feito, cando era nova gustábanme moitas películas de xénero, e quizais me inspirei nelas. Pero o que eu quería era expor un relato de cinema de xénero dunha maneira diferente.

Coa música e a banda sonora fixestes un traballo increíble. Sempre lle dei unha gran importancia ao son, nas miñas curtas tamén. Ás veces, os produtores non o ven ou non o entenden, pero eu sempre me imaxino a música e o son antes da rodaxe. E, para este filme, quería prestarlle a isto máis atención que ao guión. Jonny

Greenwood é un músico xenial, e estou moi contenta de que aceptase participar na película. Non compón de maneira intelectual, senón intuitivamente. En canto á banda sonora, o traballo é fantástico, porque foi realizada en só cinco días.

O teu personaxe principal utiliza un martelo e non unha pistola. Por que? En primeiro lugar, porque no libro de Jonathan Ames que adaptei é así. Despois, porque é algo extraordinario en termos cinematográficos: o personaxe pode ir e vir silenciosamente. Iso permite tamén amosar a violencia, que forma parte do personaxe. E vimos pistolas en tantos filmes que xa me aburren.

O teu filme foi financiado por Amazon. Cal é a túa opinión sobre a cuestión das plataformas e as salas? Como cineasta, creo que as películas deben ser proxectadas nunha gran pantalla. Pero a miña persoa de contacto en Amazon é un gran cinéfilo.

Publicado en www.cineuropa.org
Tradución: Olalla Cocña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

**Faite
NUMAX!**